


2017

# Letras Galegas

Carlos Casarín



Concello de



Oleiros

## Conferencias

O 2 de maio ás 10.30 e ás 11.40 h no Teatro As Torres de Santa Cruz

■ **Conferencias sobre Carlos Casares** a cargo do escritor e profesor da Universidade de Santiago de Compostela Henrique Monteagudo, dirixida a alumnado de 4º de ESO e de 1º de bacharelato.

## Contadas para o alumnado dos centros de ensino

■ **Deus sentado nun sillón azul e outras novelas de Carlos Casares .....**

A cargo da actriz e contadora de contos Soledad Felloza

O 4 de maio, ás 10:20 h e ás 11:35 h, na Biblioteca Municipal Rosalía de Castro de Santa Cruz, para alumnado de ESO e bacharelato do IES Neira Vilas e do IES Miraflores.

Escolma de textos de *Ilustrísima*, *Os escuros soños de Clio* e *Deus sentado nun sillón azul*.

■ **Clio. A Musa Excéntrica .....**

A cargo do actor e contador de contos Ramiro Neira

O 24 de maio, ás 10:30 h, na Biblioteca Municipal Rosalía de Castro de Santa Cruz, para alumnado do IES Miraflores.

Sesión de narración oral baseada na obra de Carlos Casares *Os escuros soños de Clio*.

■ **O Galo de Antioquía .....**

A cargo da actriz e contadora de contos Soledad Felloza

O 26 de maio, ás 10:20 h, na Biblioteca Central Rialeda, dirixida a alumnado do CEIP Juana de Vega de Nós

Un conto cun humor que raia o absurdo nesta divertida historia dun home que un día pon un ovo, outro día médranlle plumas e finalmente, convértese en galo.

■ **As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas .....**

A cargo da actriz e contadora de contos Soledad Felloza

Os días 18, 19, 22, 23 e 25 de maio polas mañás, nas bibliotecas municipais de Perillo, Santa Cruz e de Oleiros. Dirixidos a alumnado de primaria dos colexios Valle Inclán de Perillo, Isidro Parga Pondal de Santa Cruz, Juana de Vega de Nós e A Rabadeira de Oleiros.

■ **Cacaracá: Contacontos baseado na obra A Galiña Azul .....**

A cargo da actriz e contadora de contos Soledad Felloza

Os días 10, 11, 12, 18, 19, 22, 23 e 24 de maio polas mañás nas bibliotecas Rialeda de Perillo e Rosalía de Castro de Santa Cruz. Dirixidos a alumnado de primaria dos colexios Valle Inclán de Perillo, Isidro Parga Pondal de Santa Cruz, Luis Seoane de Mera e Juana de Vega de Nós.

## Actividades infantís abertas ao público

Ás 18:30 horas

### Biblioteca Municipal Rosalía De Castro, Santa Cruz

► **10 de maio:** *Galiñas azuis e laranxas laranxas*, por Paula Carballeira

### Biblioteca Municipal M<sup>a</sup> José Ruso, Dorneda

► **15 de maio:** *Contos miudiños con Carlos Casares*, por Marisa Irimia

### Biblioteca Municipal Manuel María, Oleiros

► **16 de maio:** *Contos a esgalla!*, por Ramiro Neira

### Biblioteca Central Rialeda, Perillo

► **18 de maio:** *Contos de laranxas azuis*, por Paula Carballeira

### Biblioteca Municipal Xograr Mendiño, Lorbé

► **18 de maio:** *De illas e tesouros Galicia está chea*, por Soledad Felloza

### Biblioteca Municipal M<sup>a</sup> José Trincado, Mera

► **19 de maio:** *Non é ningún conto!*, por Ramiro Neira

### Biblioteca Municipal Ánxel Fole, Nós

► **19 de maio:** *O carteiro en bicicleta*, por Caxoto

## Mostras bibliográficas

Tamén se organizará nas sete bibliotecas municipais a mostra bibliográfica titulada **“Ronsel de Carlos Casares”** formada por obras escritas polo autor e outras que falan del, tanto da súa produción literaria como da súa biografía, así como marcapáxinas conmemorativo, murais e encrucillados.



## Obradoiros

### ■ **Quen dis que era Carlos Casares?** .....

O alumnado de 5<sup>o</sup> e 6<sup>o</sup> de primaria coñecerá a vida e obra de Carlos Casares a través dunha xincana literaria. A actividade desenvolverase os días 3 de maio no CEIP Parga Pondal, o 23 de maio no CEIP Luis Seoane e o 24 de maio no CEIP A Rabadeira.

### ■ **A galiña azul: contos e artes con Carlos Casares** .....

Para homenaxear a este autor farase unha lectura lúdica e participativa do primeiro libro infantil publicado por Carlos Casares, *A galiña azul*. Para o alumnado de 6<sup>o</sup> de infantil o 11 e 18 de maio no CEIP A Rabadeira, o 22 de maio no CEIP Luis Seoane, 25 e 26 de maio no CEIP Valle Inclán e 29 de maio no CEIP Plurilingüe Isidro Parga Pondal.

## Publicación

### ■ *Caderno de Carlos Casares* .....

Desde o Servizo de Normalización Lingüística e desde o Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES María Casares publicarase un caderno no que se recolle a vida e obra de Carlos Casares, ademais de obradoiros para o seu estudo. Unha publicación municipal que recibirá o estudantado de ESO e de bacharelato dos tres institutos. Este libro está elaborado por profesorado do IES María Casares, por Matías Cuba, coordinados pola exprofesora Pepe Taboada e ilustrado por Miguel Cuba.

## Concertos

### ■ *Gramola Gominola* .....

**O 11 de maio (sesións escolares)**

**Auditorio Gabriel García Márquez, Mera**

Para promover a lingua no mes das letras programamos un concerto de Gramola Gominola, un grupo de música infantil, en galego, para o alumnado de 1º e 2º de primaria dos centros de ensino público do Concello.



### ■ *Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre* .....

**O sábado 20 de maio ás 20:30 horas**

**Auditorio da Fábrica, Perillo**

Este novo traballo de Xabier Díaz xunto coas Adufeiras de Salitre, un grupo de percusionistas e cantoras de música popular, preséntase como o lugar onde a tradición non esmoreceu, onde queda sitio para o baile e o aturuxo...

Acompañad@s por Gutier Álvarez (zanfona e violín) e Javier Álvarez (acordeón diatónico), nace un novo proxecto preparado para invadir con muiñeiras e pasodobres os escenarios.



### ■ *Concerto Conmemorativo do*

***Día das Letras Galegas***.....

**O mércores 24 de maio ás 18:30 h**

**Auditorio da Fábrica, Perillo**

O alumnado de folk e das colectivas de gaita e de acordeón da Escola Municipal de Música de Oleiros encherán o auditorio da Fábrica de ritmos tradicionais da nosa música como celebración deste gran día para Galicia e coma homenaxe ao escritor Carlos Casares.





## Cine

### ■ *A praia dos afogados* .....

O mércores 17 de maio ás 19:30 horas  
Auditorio da Fábrica, Perillo

**Dirección:** Gerardo Herrero

**Reparto:** Carmelo Gómez, Antonio Garrido, Tamar Novas, Celso Bugallo, Celia Freijeiro, Marta Larralde, Luis Zahera, Carlos Blanco, Pedro Alonso, Fernando Morán, Ernesto Chao

**País:** España

**Ano:** 2015

**Duración:** 96 minutos

**Xénero:** Thriller

**Cualificación:** non recomendada a menores de 12 anos



**Sinopse:** Unha mañá, o cadáver dun mariñeiro é arrastrado pola marea ata a beira. Se non tivese as mans atadas, Justo Castelo sería outro dos fillos do mar que atopou a tumba entre as augas mentres faenaba. Sen testemuñas, nin rastro da embarcación, o inspector Leo Caldas introdúcese no ambiente mariñeiro do pobo para esclarecer o crime...

### ■ *Proxección do documental contando a Carlos Casares* .....

Mércores 31 de maio ás 20.30 horas

Auditorio da Fábrica, Perillo

Contando a Carlos Casares é un documental no que participan familiares e amigos, así como especialistas sobre o autor homenaxeado, cos cales percorremos as facetas máis interesantes da súa vida para poder coñecer ao home, así como poder atopar as claves coas que enfrontarnos á súa obra literaria.



**Duración:** 60 min.

**Guión:** dirección, produción e montaxe: Gonzalo E. Veloso

**Produción executiva:** Gonzalo E. Veloso, Santiago Teijelo Vázquez, Fran Naveira

**Son directo:** Manuel Rega, David Iglesias

**Fotografía:** Santiago Teijelo Vázquez

**Postproducción de son:** Manuel Rega e David Iglesias

**Asesoría e administración:** Sandra Expósito García



**Concello de Oleiros**

Concellería de Cultura e  
Normalización Lingüística



oleiroslingua



Bibliotecas Públicas  
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011